



CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA VINTETRÉS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS .

En Alfoz, no Salón de Sesións da Casa Consistorial , ás catorce horas do día vintetrés de setembro de dous mil vinte e dous , xúntase a Corporación Municipal en Pleno, en primeira convocatoria, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria remitida ao efecto aprobada por Decreto da Alcaldía 638/2022 de data 20 de setembro de 2022.

Presidente:

Don Jorge Val Díaz (PSdeG-PSOE)

Concelleiros asistentes :

Dona Ana Aránzazu Incera Ares (PSdG-PSOE)

Don César Marrube Novo (PsdG- PSOE)

Don Cándido Paleo Rejes (PsdeG-PSOE)

Dona María Luisa Goás Lorenzo (PsdG-PSOE)

Don Jacobo Geada Adrio (Partido Popular)

Dona Raquel Rouco Iglesias (Partido Popular).

Dona Efigenia Maseda Paz (VIA ALFOZ).

Don Eliseo Lorenzo García (VIA ALFOZ).

Concelleiros ausentes:

Nengún.

Secretaria:

D^a María Sofía Sanmartín Novoa.

Os concelleiros asistentes constitúen máis dun tercio do numero de membros da Corporación, co fin de constituírse en sesión plenaria en primeira convocatoria.

Aberta a sesión, pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión conforme a convocatoria remitida , que son:

ORDE DO DÍA:

PARTE DISPOSITIVA

1.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES(



Cod. Validación: 6QSFEGTDAWLVZED5DTCT3XWYX | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPublico | Páxina 1 a 13



22/07/22 E 30/08/2022).

2.- APROBACION PROPOSTA COMISION HERALDICA NOVO DESEÑO ESCUDO HERALDICO .

3.- SUBMINISTRO LUZ FEMP PREAVISO E SOLICITUDE REVISION DE PRECIOS TERCEIRA PRORROGA .

4.-MOCIONS .:

5- ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA.

PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO

6- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES(22/07/22 E 30/08/2022).

Pregunta o Sr. Alcalde se algún concelleiro quere facer algunha intervención . Non se producen.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria , co resultado de nove votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación ás actas correspondentes á sesión ordinaria de data 22 de xullo de 2022 e extraordinaria urxente de data 30 de agosto de 2022.

2.- APROBACION PROPOSTA COMISION HERALDICA NOVO DESEÑO ESCUDO HERALDICO .

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir que como xa se ten comentado, cando se reuniu para tratar do tema da bandeira a Comisión Heráldica detectou pequenos aspectos do escudo que debían ser corrixidos , e para que sexa acorde coa bandeira. Se trata do fondo de cor das ventanas e a forma dos símbolos do escudo de armas do mariscal.

A Sra Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz intervén para dicir que nós imos votar en contra co mesmo razonamento de cando foi a bandeira.

O Sr. Geada Adrio indica que nós nos abstemos.

Vista a proposta incorporada no expediente que literalmente di:

“ En data 27 de xullo de 2022 recíbese escrito do Secretario da Comisión Heráldica de Galicia co seguinte contido:

En resposta a súa solicitude de elaboración de proposta de escudo para o seu concello, infórmolle que a Comisión de Heráldica na súa reunión do 29 de abril de 2022 acordou propoñer como válida a seguinte descrición de escudo:

O aludido escudo actualmente en uso foi aprobado por decreto do 4 de febreiro de 1994 e incorpora ao seu campo, como é notorio, a imaxe da vella fortaleza situada no





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

propio termo municipal, a cal foi testemuña dos feitos máis sobresalientes do seu devir e, en particular, dos que cabe vincular coa prisión do infortunado mariscal don Pedro Pardo de Cela, personaxe de particular relevo que foi executado en Mondoñedo o 3 de outubro de 1483. Polas ditas circunstancias, o campo do devandito escudo enriquecése ou complementa cunha bordura xaquelada ou componada de ouro e veros, o que vén ser abstracción –a modo de homenaxe– das armas de liñaxe traídas polo propio devandito mariscal Pardo de Cela.

Considerado o anterior e de conformidade coa propia insignia municipal recentemente aprobada, que trae ao pano as representacións e elementos xa indicados, corresponde agora volver sancionar o antedito emblema heráldico municipal, a fin de adecuar algúns detalles do seu anterior deseño e representación. Consecuentemente, propónse que o escudo municipal deste concello de Alfoz quede fixado a partir de agora –segundo o modelo que se achega e acordo con o seguinte blasonamiento:

De sinople (verde), o castelo de prata (branco), dunha torre e con tres ordes de xanelas ocas, ou sen aclarar; bordura componada de dezaseis pezas de ouro (amarelo) e veros ondados. Ao timbre, coroa real pechada.



ANEXO I



Visto o expediente tramitado, no que consta informe de Secretaría, e o regulado no Decreto 19/2020, de 11 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de símbolos das entidades locais de Galicia, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta efectuada pola Comisión de Heráldica da Vicepresidencia Primeira e consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo na súa xuntanza de data 29 de abril de 2022, do novo deseño do escudo heráldico municipal, para adecuación do deseño do escudo ao da bandeira recentemente aprobado.





SEGUNDO.- Someter o presente acordo a trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia, e no taboeiro de edictos.

TERCEIRO.- De presentarse alegacións, se resolverán polo Pleno. De no presentarse alegacións, remitirase o expediente comprobante á Comisión Heráldica para o seu informe preceptivo e vinculante.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación , en votación ordinaria co resultado de cinco votos a favor (Grupo Municipal PsdG- PSOE), dous en contra (Grupo Municipal VIA Alfoz) e dúas abstencións (Grupo Municipal Partido Popular), maioría absoluta , ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.

3.- SUBMINISTRO LUZ FEMP PREAVISO E SOLICITUDE REVISION DE PRECIOS TERCEIRA PRORROGA .

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que se trata de prorrogar o contrato que temos a través da FEMP para o subministro eléctrico.

Por parte da Secretaria – Interventora, co permiso do Sr. Alcalde, se informa aos concelleiros que como aconteceu na anualidade anterior, e aínda que a empresa xa presentou a proposta de tarifas debemos solicitalo formalmente e que é un asunto que va a volver a ser tratado en sede plenaria .

Non se producen intervencións.

Consta no expediente a proposta da Alcaldía que literalmente di:

“ Visto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 17 de xaneiro de 2020 de adjudicación do : Contrato baseado para o subministro de electricidade en alta e baixa tensión da Entidade Local Concello de Alfoz , ao resultar a proposta economicamente máis ventaxosa á empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA adxudicataria do lote 1 Galicia do Acuerdo Marco para la contratación del suministro de electricidad en alta y baja tensión de la Central de Contratación de la FEMP.

Visto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 27 de novembro de 2020, sobre primeira prórroga do citado contrato, en vigor ata o 31 de xaneiro de 2022.

Visto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 28 de xaneiro de 2022 sobre segunda prórroga do citado contrato, en vigor ata o 31 de xaneiro de 2023.

De conformidade co procedemento, os prezos da adxudicación foron os que seguen:





CONCELLO DE ALFOZ
A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.

, de acordo a los precios ofertados que son los siguientes:

ORIGEN DE AYTO ALFOZ_EXP 2019/000366

Fecha petición oferta

15/11/2019

Fecha envío oferta

27/11/2019

Fecha validez oferta

30 días hábiles, a contar desde la finalización de la fecha para presentar ofertas

AYTO ALFOZ - 50 % GdO	TARIFA	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
	2.0A	0,1257					
	2.0DHA	0,1466	0,0721				
	2.0DHS	0,1477	0,0802	0,0617			
	2.1A	0,1390					
	2.1DHA	0,1592	0,0831				
	2.1DHS	0,1603	0,0952	0,0674			
	3.0A	0,1097	0,0954	0,0700			
	AP2.0DHA	0,1466	0,0721				
	AP2.1DHA	0,1592	0,0831				
	AP3.0A	0,1097	0,0954	0,0700			
	3.1 A	0,0970	0,0893	0,0687			
	6.1	0,1155	0,1034	0,0874	0,0790	0,0725	0,0650

Os prezos de revisión da segunda prórroga foron:

PRECIO REVISADO

LOTES 1-5	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1417					
2.0DHA	0,1626	0,0875				
2.0DHS	0,1637	0,0962	0,0769			
2.1A	0,1550					
2.1DHA	0,1752	0,0985				
2.1DHS	0,1763	0,1112	0,0826			
3.0A	0,1257	0,1114	0,0858			
AP2.0DHA	0,1626	0,0875				
AP2.1DHA	0,1752	0,0985				
AP3.0A	0,1257	0,1114	0,0858			
3.1A	0,1112	0,1037	0,0831			
6.1	0,1298	0,1180	0,1018	0,0934	0,0866	0,0795

ANEXO: PRECIOS BAJO CIRCULAR 3/2020

TARIFA	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,2363	0,1385	0,0921			
2.0DHA	0,2358	0,1365	0,0897			
2.0DHS	0,2365	0,1371	0,0894			
2.1A	0,2363	0,1385	0,092			
2.1DHA	0,2358	0,1365	0,0897			
2.1DHS	0,2366	0,1371	0,0894			
3.0A	0,1878	0,1618	0,1236	0,1124	0,1007	0,0888
AP2.0DHA	0,2358	0,1365	0,0897			
AP2.1DHA	0,2358	0,1365	0,0897			
AP3.0A	0,1878	0,1618	0,1236	0,1124	0,1007	0,0888
3.1A	0,1496	0,1309	0,1043	0,0980	0,0886	0,0799
6.1	0,1507	0,1334	0,1072	0,0949	0,0825	0,0800



Cod. Validación: 6QSFEGTDWV7ZE5DTC3XWYX | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 13



VARIACIONES APLICABLES POR TARIFA Y TRAMO HORARIO AL PRECIO OFERTADO INICIALMENTE. (SEGÚN ACUMULADO DE LAS REVISIONES TRIMESTRALES APLICADAS AL ACUERDO MARCO)

LOTES 1-5	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,0353					
2.0DHA	0,0351	0,0342				
2.0DHS	0,0351	0,0353	0,0334			
2.1A	0,0353					
2.1DHA	0,0351	0,0342				
2.1DHS	0,0351	0,0353	0,0334			
3.0A	0,0351	0,0351	0,0346			
AP2.0DHA	0,0351	0,0342				
AP2.1DHA	0,0351	0,0342				
AP3.0A	0,0351	0,0351	0,0346			
3.1A	0,0318	0,0320	0,0319			
6.1	0,0319	0,0322	0,0319	0,0320	0,0315	0,0322

En data 30 de agosto de 2022 por Gas Natural Comercializadora SA , n.º RE 446, comunican que finalizando o contrato en data 31 de xaneiro de 2023 , e en cumprimento da cláusula 21.2 do PCA que regula o Acordo Marco, comunican os prezos que rexirán o contrato baseado no caso de prórroga:

PRECIO REVISADO

LOTES 1-5	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,2334					
2.0DHA	0,2537	0,1767				
2.0DHS	0,2551	0,1884	0,1642			
2.1A	0,2467					
2.1DHA	0,2663	0,1877				
2.1DHS	0,2677	0,2034	0,1699			
3.0A	0,2170	0,2029	0,1756			
AP2.0DHA	0,2538	0,1767				
AP2.1DHA	0,2663	0,1877				
AP3.0A	0,2169	0,2029	0,1756			
3.1A	0,1950	0,1875	0,1664			
6.1	0,2137	0,2024	0,1851	0,1771	0,1697	0,1634





ANEXO: PRECIOS BAJO CIRCULAR 3/2020

Precios Bajo Circular 3/2020 Conversión pactada con FEMP							
Tarifa Origen	Tarifa Destino	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	2.0TD	0,3369	0,2344	0,1777			
2.0DHA	2.0TD	0,3343	0,2328	0,1766			
2.0DHS	2.0TD	0,3339	0,23	0,1795			
2.1A	2.0TD	0,3369	0,2344	0,1777			
2.1DHA	2.0TD	0,3344	0,2328	0,1766			
2.1DHS	2.0TD	0,334	0,2301	0,1795			
3.0A	3.0TD	0,2913	0,2602	0,2109	0,2041	0,1918	0,1761
AP2.0DHA	2.0TD	0,3343	0,2328	0,1766			
AP2.1DHA	2.0TD	0,3344	0,2328	0,1766			
AP3.0A	3.0TD	0,2913	0,2602	0,2109	0,2041	0,1918	0,1761
3.1A	6.1TD	0,2421	0,2179	0,1819	0,1798	0,17	0,1629
6.1A	6.1TD	0,2374	0,2193	0,1895	0,178	0,1624	0,1633

VARIACIONES APLICABLES POR TARIFA Y TRAMO HORARIO AL PRECIO OFERTADO INICIALMENTE. (SEGÚN ACUMULADO DE LAS REVISIONES TRIMESTRALES APLICADAS AL ACUERDO MARCO)

LOTES 1-5	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1077					
2.0DHA	0,1071	0,1046				
2.0DHS	0,1074	0,1082	0,1025			
2.1A	0,1077					
2.1DHA	0,1071	0,1046				
2.1DHS	0,1074	0,1082	0,1025			
3.0A	0,1073	0,1075	0,1056			
AP2.0DHA	0,1072	0,1046				
AP2.1DHA	0,1071	0,1046				
AP3.0A	0,1072	0,1075	0,1056			
3.1A	0,0980	0,0982	0,0977			
6.1	0,0982	0,0990	0,0977	0,0981	0,0972	0,0984

Segundo a comunicación da Central de Contratación , conforme o previsto na Resolución de adxudicación, cabe a posibilidade de prórroga anual do contrato, para o que, de conformidade co indicado no artigo 29,2 da Lei de Contratos do Sector Público, para que a prórroga sexa obligatoria para o empresario o órgano de contratación debe preavisar con al menos dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, sen que se poda producir prórroga por consentimento tácito das partes.

Considerando oportuno e convinte proceder á acordar a prórroga do contrato, e seguindo as indicacións facilitadas, procede neste momento solicitar á adxudicataria, conforme o disposto na cláusula 21.2 dos PCA , que remita os prezos revisados con alomenos 45 días de antelación á finalización do contrato. Unha vez recibidos, se adoptará acordo de conformidade cos mesmos e se dictará acordo de prórroga do contrato.

Á vista do exposto, e seguindo o modelo facilitado ao efecto, esta Alcaldía PROPON AO PLENO DA CORPORACIÓN a adopción do seguinte ACORDO:

PREAVISO DE PRÓRROGA DEL CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA EL SUMINISTRO DE ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN A TRAVÉS DE LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP CONFORME A LO PREVISTO EN EL ARTÍCULO 29.2 DE LA LCSP Y SOLICITUD DE REVISION DE PRECIOS (CLÁUSULAS 16.3 Y 21.2 DEL PCA)



**CONCELLO DE ALFOZ**

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

El órgano de contratación de la Entidad Local Ayuntamiento de Alfoz del contrato basado en el Acuerdo Marco para el suministro de electricidad en alta y baja tensión de la Central de Contratación de la FEMP, adjudicado, por resolución de Pleno con fecha 17 de enero de 2020 a la empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA, notificada con fecha 17 de enero de 2020, y cuyo suministro finalizará el próximo 31 de enero de 2023, no encontrándose en causa de resolución prevista en el artículo 198.6 de la LCSP por haberse demorado la Entidad Local en el pago del precio más de 6 meses, siempre que dicho impago no se produzca por incumplimiento de la empresa contratista, MANIFIESTA a los efectos establecidos en el artículo 29.2 de la LCSP y en la cláusula 21.2 del pliego de cláusulas administrativas que rige el Acuerdo Marco, a modo de preaviso condicionado a la posterior revisión de precios, su voluntad inicial de prorrogar por un año este contrato basado conforme a lo indicado en la resolución de adjudicación, solicitando al gestor de la empresa adjudicataria que comunique al responsable del contrato basado de la Entidad Local, por los medios de comunicación habituales entre ellos, y en el plazo establecido en la cláusula 21.2 del PCA; los precios revisados según lo dispuesto en la cláusula 16.3 del PCA, con la diferencia de que el primer reajuste de umbrales que se realice tomará los precios -Umbral (i-1)- ofertados originalmente para el contrato basado.

Siguiendo lo establecido en la cláusula 21.1 del PCA y en el artículo 29.2 de la LCSP, según el cual, no cabe la prórroga por consentimiento tácito de las partes, el órgano de contratación, tras la recepción de la revisión de precios, deberá acordar expresamente¹, si prorroga el contrato basado por un año más, bajo los precios revisados.

[1] **NOTA IMPORTANTE:** Para que el órgano de contratación pueda ejercer la prerrogativa que le otorga el artículo 29.2 de la LCSP, en el sentido de que la prórroga resulte de obligado cumplimiento por la adjudicataria, deberá realizar un preaviso con al menos 2 meses de antelación a la finalización del contrato. (Véase dicho artículo). Si la EELL no lleva a cabo ese preaviso con 2 meses de antelación a la finalización del contrato, la prórroga será por acuerdo entre partes (dejará de ser potestad de la administración).

Incluso en el caso de que no se produzca el preaviso de 2 meses por parte de la administración, la empresa adjudicataria estará obligada a remitir la revisión de precios del contrato basado con al menos, 45 días de antelación a la finalización del mismo (cláusula 21.2 tramitación de la prórroga).

En la medida en que ese mismo precepto (29.2 LCSP) establece que “En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes”, en el caso de que la EELL no comunique expresamente su aceptación de la revisión de precios, con la debida antelación (al menos 1 mes antes de la finalización del contrato), la empresa procederá, en el plazo de los 5 días hábiles anteriores a la fecha de finalización del suministro indicada más arriba a realizar los trámites oportunos para dar de baja los puntos de suministro objeto del contrato basado, trasladando su gestión a la distribuidora, conforme a las condiciones y tarifas que resulten de aplicación.

“

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria co resultado de nove votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.





4.- MOCIONS .-

Non se presentan.

5.-ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA.-

Non se producen.

PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO

6 - DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.

Indica o sr. Alcalde que os tedos á vosa disposición puntualmente no Gestiona .

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Geada Adrio, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular indica que pola súa parte non se presenta ningunha.

Toma a palabra a Sra Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz para formular as seguintes preguntas:

- ¿ Se acabaron de votar as contas do Mercado Medieval?

Resposta o Sr. Alcalde que aínda chegou o outro día unha factura, e que de todas formas teñen no gestiona a totalidade delas.

- ¿ E respecto da empresa ?

Resposta o Alcalde que sí, que as da empresa están todas presentadas.

- No último pleno, segundo consta en acta, o Alcalde dixo que podería haber algunha cousa que non se ían pagar . ¿ Foi así?.

Resposta o Alcalde que a queimada non se pagou.

- En canto á captación de auga que tamén falouse non último Pleno , quedaba por saber qué autorización faltaba.

Resposta o Alcalde que a de Oiras, do Rego de Ibia , que xa está en Santiago.

- ¿ Qué pasa coa auga que fai poucos días estaba tan mal? ¿ Cal foi o problema?

Resposta o Alcalde que foron varias causas; a primeira é que choveu, ademáis estaban sacando madeira máis arriba da captación e o maderista anduvo atravesando o rego sen vadear , e ademáis pasou de noite.. Se está collendo auga dende ahí porque as fontes por estar cerca os eucaliptos non son suficientes e do rego temos problemas para filtralo e o outro estaba a aiga máis





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

clara,,... por tanto, se deron varias circunstancias, que se arrastrou ao rego suciedade polos maderistas, por riba choveu e o filtro non foi capaz... Vortouse a auga vaciáronse os depósitos e aos días arreglouse, porque vaciar e encher leva un tempo.

- ¿ Ten que ver co depósito de Adelán?

Resposta o Sr. Alcalde que non, que non están conectados e en Adelán non turbou.

Xa avisei ao maderista do que estaba facendo e edebu de poñer tubos para vadera; ademáis se fan lavados con máis frecuencia porque cambiamos o sistema de filtración por un automático , segundo están os filtros, para evitar este problema e outros, e aínda estiveron antes poñendo a punto. Antes facíamos 3 ao día que chegaba, pero a ver cómo funciona o automático que o fará segundo as necesidades.

-¿ A qué se debe o retraso no cobro dos recibos da auga e no servizo de axuda no fogar?. ¿ Houbo un cambio no sistema de cobro ou das lecturas? Só ven o cargo no banco e non o recibo.

Resposta o Sr. Alcalde que se está axilizando estos procedementos e que a causa tamén é variada: primeiro, polo cambio de persoal, porque este tema primeiro levouno Rebeca, logo outra 6 meses, outra despois,,, e agora xa o leva Lina e está actualizando o tema e xa adiantou un trimestre e que pasan ao cobro cada 2 meses. Non se mando os recibos por aforro de tempo e papel, e cando alguén o pide se lle manda por correo electrónico....

-A Sra. Masada di que si os veciños ven os recibos poden entender subas ou erros que poden controlar si subiu o consumo, e que é bon que dispoñan dos recibos. ¿ Comunicouse aos veciños ese cambio de que se vai cobrar cada dous meses?

Resposta o Alcalde que non, que tampouco se comentou cando se retrasó. Tamén arrastrouse o problema da pandemia que retrasou xestións, aínda que nós estamos pagando o canon á Xunta. E cando hai consumos que son altos , por fuga, fixemos un documento conforme se informa ao usuario de que se detectou ese incremento para que logo non haia problemas e que quede constancia, porque negaban que os operarios os avisaran, e aínda así hai xente que non quere firmar o papel.

Intervén a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal PsdG- PSOE , para decir que o prazo de cobro tampouco é que se acortara tanto, que se está a pasar de cada dous meses e medio ou tres e que houbo un ano enteiro no que non se cobrou nada, e que non se manda todo de golpe e si hai problemas por consumos por fugas se está colaborando cos veciños, prorrrateando....

O Alcalde di que , ademáis, os recibos que veñen de volta, ademáis dos habituales, son os de xente que cambia de número de conta e non o comunica, pero non hai outro tipo de problemas.





- ¿e o retraso nos recibos do SAF?.

Resposta o Alcalde que seguimos intentando poñelos ao día.

- Tras a información dada por vostede na sesión do pleno anterior, o contrato do bar está sin liquidar as contas . ¿ Vai sair a concurso?.

Resposta o Alcalde que xa estamos neso, aínda que a anterior adxudicataria non colabora, non firmou o acta e mentras non pode retirar o que ten alí, pero estamos para tramitar o expediente.

- ¿ E a débeda dos anteriores?.

Resposta o Alcalde que fai tempo que está en executiva en Deputación.

- Estiveron a colocar marquesinas na carretera Lu-160 . ¿ a elección da ubicación dependeu da Xunta e cales foron os criterios para a súa colocación ? ¿ Foi consultado o Concello?.

Resposta o Alcalde que a razón é que había paradas sen marquesinas e solicitáronse xa fai dous anos , e se colocaron en dúas paradas que non tiñan, e ademáis polo paseo pedían un banco en Reirado para descansar, así que a marquesina ten dobre función, para o bus dos cativos do Instituto e para o descanso.

Di a Sra Maseda que entendo que en Vilaude vai na baixada.

Di o Alcalde que se puxeron no sitio libre que había, porque doutro lado non había sitio e se a poñen nunha marxe non a poñen na outra.

Di a Sra Maseda que os chavales esperan máis á chegada que non á saída.

Responde o Alcalde que depende de por onde vaian, e que se mirou onde había sitio para colocala.

- Vendo o Xestiona os últimos días hai unha factura por cuñas publicitarias por varias festas. ¿ Cál foi o criterio?.

Toma a palabra a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG- PSOE para decir que hai dúas facturas. A de Radio Voz é pola festa dos Chóferes e para as parroquias que organizaban festas pediuse información aos veciños e ás asociacións e a deron todos, menos os de Adelán. Eso se facía sempre, e unha factura é de xullo e a outra, de agosto.

Indica a Sra Maseda que faltou a de Adelán.

Insiste a Sra Incera que se acisou a todas as asociacións e que a de Adelán non mandou nada , e que de feito antes de publicalas mandáronse os bocetos das cuñas aos presidentes das asociacións, e que do San Ramón non supemos nada.

- No último acta do pleno falamos das rutas e que a do Castelo dixeron que vai ser modificada porque ten trazado por terreos particulares, e entendo que a ruta do Rio Ouro tamén vai pola servidumbre do río, e que sobre a dos Castelos ,





segundo a xustificación que vin, estaba certificado que era público e que estaba a libre disposición. ¿ porqué no seu momento se dixo que era público e que había libre disposición ? ¿ Non sería igual que para o Río Ouro? Porque non é un ben público do Concello.,

Resposta a Sra Incera que habería que mirar os expedientes , e que hai que ter a autorización do propietario, houbo protestas pola limpeza e por abrir e que había xente sen firmar. Cando pasas por unha finca privada tes que ter autorización, e que algún incluso a teñen pechada con pastores.

Pregunta a Sra Maseda se estivo mal feita a certificación.

Resposta o Alcalde que habería que revisar o expediente.

Di a Sra Maseda que entende que sí que habería que facelo, que si son privadas tamén o sería de aquela e que entón habería que cambiar a ruta de o Río Ouro.

Di o Sr. Alcalde que quizáis, se protesta un veciño....

Di o Sr. Lorenzo García que a certificación está firmada por ti, polo Alcalde.

Di o Sr. Alcalde que son o que firma as subvencións.

Di a Sra Incera que entende que o Alcalde firma confiando na responsabilidade de cada concelleiro, que faga ben o seu traballo, e que é unha ruta conxunta con Foz e que debería de falar con eles e , no seu caso, revisar o expediente.

- Estos días se están facendo asfaltados en pistas públicas . ¿ se pode apuntar a xente para pistas privadas?

Resposta o Alcalde que non.

En canto a ROGOS, a Sra Maseda, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz , indica que respecto do parque cerca do CEIP debería manterse en bo estado, porque é a saída do colexio os cativos se achegan e que falta limpeza, a canasta está rota, as barandillas en mal estado, e que debería de facerse revisión.

Resposta o Alcalde que os cativos á saída van ao bus e aos coches, que non van sair do recinto escolar para ao parque, salvo que vaian cos pais, que iso xa é outra cousa, e que non vexo tantos. Stá caendo folla e non vamos estar cada momento recollendo, o mantemento se está facendo como o ano pasado e se hai algunha ruptura se reparará como sempre.

- Se roga que se faiga o mantemento do canalón do pabellón polideportivo que perxudica á fachada da piscina e ao parque, porque verte.

Resposta o Alcalde que se mirará, e se arreglará cando se poida.

E non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas vintecatro minutos do expresado día.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Autorízase a presente acta coa firma do Alcalde e da Secretaria que da fe.

O ALCALDE.
Vº e Prace. _

A SECRETARIA



Cod. Validación: 6QSFEGTDAWL7ZED5DTCT3XWYX | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13